

## *A perda do galego instrumental: Dous documentos notariais de Baiona (1518 e 1522)\**

XULIÁN MAURE RIVAS

Estes dous documentos<sup>1</sup>, que transcribo dos seus orixinais en pergameo que se gardan no Arquivo Diocesano de Tui<sup>2</sup>, constitúen un bo exemplo do proceso de substitución da lingua galega pola lingua castelá na actividade notarial, proceso que estaba cáseque rematado no primeiro tercio do século XVI. Os escribáns e notarios<sup>3</sup> galegos na segunda metade do século XV<sup>4</sup> van deixando a escrita galega e van introducindo o uso do castelán mesmo naqueles documentos da nobreza media e baixa, civil ou eclesiástica, que tradicionalmente se facían en galego<sup>5</sup>.

Para a transcripción que segue usei as normas presentadas polo profesor Ramón Lorenzo no XVIII<sup>o</sup> Congrès International de Linguistique et de Philologie Romanes, celebrado na Universidade de Trier en 1986<sup>6</sup>. Unicamente me aparto deste criterio para transcribir en cursiva as formas plenas que aparecen abreviadas no orixinal, en función do estudio comparativo da resolución en galego e en castelán da mesma abreviatura.

### Documento galego

1518, decembro, 18

*Foro dun pardiñeiro feito por Jolán Vidal, abade de Baiona, a Steuo Yanes a á súa muller María Pérez, veciños de Baiona. Actúa como notario Afonso Gonçalves de Mourente.*

In Dei nomine amē. Ano<sup>1</sup> del nacemento de noso Señor Jesucristo de mill<sup>1</sup> et quĩnetos et dez et oyto anos<sup>1</sup>, a dez et oyto días do mes de deçebro, estando eno<sup>1</sup> coro da *iglesia de santa María* de Bayona. Sepã quantos este instrumento de aforamento virẽ como nõs, [2] don Jolũn Vidal, arcediano de Mõtes, abbad<sup>7</sup> ena<sup>1</sup> dita *iglesia* et Gonçaluo Domĩnguez

\* Este traballo foi publicado na homenaxe ó profesor Alonso Montero editada por Rosario Álvarez e Dolores Vilavedra co título: *Cinguidos por unha arela común*. Santiago de Compostela, 1999. Reproducido de xeito facsimilar.

et a dúas voces [4] depois do postremeiro de vós, hũa ã pos de otra decēdēte por orden sucesiue, aquelas que forē nomeadas, ã tal maneyra que a *primeyra* nemea a *segūda* et a *segūda* nomea a *terceyra*; et nõ seēdo nomeadas a *saymēto* da *primeyra* voz ou da *segūda* [5] et dētro de viũte días, los *ijos* ou *netos* ou *herdeyros* de vós, o dito *Steuo*<sup>1</sup> *Yanes* et da dita *vosa moller*, sejã obligados de viir a a dita *iglesia* ante nõs a nomear voz que seja *pesoeyro* que pague la *pensiõ* del foro *seguĩte*, [6] et nõ venĩdo, que nõs posamos nõbrar voz et *pesoeyro* que nos pague la *pensiõ* del dito foro; cõuē a saber: que vos aforamos o noso *pardiñeyro* que está ena *rrúa* de *Cimadevila* et *parte* de *vna*<sup>1</sup> *parte* cõ *azinaga* que *vay* [7] da dita *rrúa* para o *muro* da *vila* et *sal* cõ *súa sayda* ena<sup>1</sup> dita *rrúa* de *Cimadevila*, sobre lo *outõ* de outra *nosa casa* que *soya* de *trager* a *moller foy* de *Afonso* de *Santo Antõn*, o qual *pardiñeyro* vos aforamos cõ *todas súas* [8] *entradas* et *saydas*, *ágoas*, *direyros*, *direyturas* que lle *perteece* et *perteece* devē, así de *feyto* como de *direyto*, por tal *pleyto* et *cõdicõ* que *corregades* et *reparedes* o dito *pardiñeyro* ã tal maneyra que *nada* del nõ se *perqua* [9] por *mũgoa* de *labor* et *boo rreparamento*; et *daredes* et *pagaredes* de *rrenda* *sabuda* et *foro* por *rrazõ* do dito *pardiñeyro* ã cada *hũu ano*<sup>1</sup> por *día* de *sã Johãn* *Baptista* *seys maravedís* *vellos*, *cõtãdo* *dez diñeyros* por *maravedil* de [10] *esta moeda vsual* de *Castilla*, que *fay tres blãcas* *vellas* e *hũu cornado* o *maravedil*, ao noso *moordomo* que por nõs *coller* os *outros foros* et *aniversarias* da dita *iglesia*; et *seredes seruētes* et *obedientes* a nõs et a [11] a dita *nosa iglesia* et *aniversarias* cõ *nosos direyros* et nõ nos *paredes* sobre *ello señor* a *rrosto* et que nõ *sejades cõtra* nõs *nē cõtra* *beneficiado* *algũ* da dita *nosa iglesia*; et *seēdolo*, que por el *mismo caso* *perdays* [12] el dito *foro*. Et *avēdo* de *vēder* ou *doar* ou *cãbear* este dito *foro* por *rrazõ* de *algũa bēfeytoría* si *ende* la *fezierdes*, que nõ lo *podays* *fazer* *sin primero frõtar* et *rrequerir* a nõs ou a *nosos sucesores* si lo *queremos* [13] *tãto* por *tãto*, et *non* lo *querēdo* nõs ou *ellos*, que *entõ* lo *fagades* a *persona* que *seja llana* et *ygoal* de vós, que *cũpla*, *pague* et *garde* las *cosas* *aquí cõtenidas* et que nos *paguedes* la *décima* *parte* de *todo* lo que por e[14]llo *vos diere*, et *cõplindo* vós et *gardando* *todo* como *dicho* es, nõs, los *dichos abbades* et *beneficiados*, *obligamos* los *bēes* et *aniversarias* da dita *nosa iglesia* a vos *ãparar* et *defender* a *direyto* cõ o dito *foro*; [15] et a *saymēto* de vós et da dita *vosa moller* et *vozes*, que o dito *pardiñeyro* cõ *toda* *súa benfeytoría* *fique libre* et *quite* et *desenbargado* a a dita *nosa iglesia* et *aniversarias*. Et eu, o dito *Steuo* *Yanes*, que *presente* [16] *soo*, por *mũ* et *porla*<sup>s</sup> dita *miña moller* et *vozes*, así *rrecebo* o dito *foro* *porlas maneyras* et *cõdicoos* *sobreditas* et *obligo* *meus bēes* et da *miña moller* et *vozes* de *teer* et *cõplir* et *agardar* *todo* [17] o *cõtiudo* neste *jnstrumento* de *foro* et *poemos* por *pena*<sup>1</sup> et *interese* que *qualquer* de nõs, as *ditas partes*, que *cõtra* esto *for* et *non* o *tever*, que *peyte* et *pague* a a *parte* *gardante* *mil*<sup>1</sup> *maravedís* *vellos* et a a *voz* del *rrey* *outros* [18] *tãtos*; et, a *pena* *pagada* ou nõ, *todavía* este *jnstrumento* de

aforamento et as cousas en el cõtiudas fiquẽ firmes et stables<sup>1</sup> et vallã en seu rrevor, que foy feyto et outorgado ena dita iglesia de Bayona, ano, mes [19] et día sobreditos. Testigos que a elo forõ presentes: *Afonso Rodrigues, Johán de Piñeyro et Johán Bernáldez*, clérigos veciños da dita villa et otros.

[20] Eu, *Afonso Gonçalves* de Mourẽte, clérigo da diócesi de Tui, porla actoridad apostólica notario público jurado, que a todo o suso dito et a cada cousa et parte delo [21] en hũu cõ os ditos testigos presente fui et este público jnstrumento d'aforamento segú per ante mi pasou fielmẽte lo screví et suscreví por [22] mi propia mano et en fe et testimonio de verdad puge aquí este meu signo et nome acostumado que tal he.

[23] Rrogado et rrequerido: (firma) *Afonso Gonçalves*. Moret. publicus notarius.

### Documento castelán

Baiona, 1522, xaneiro, 3

*Johán Vidal, abade de Baiona, acepta a renuncia que fan Fernán Gonçales Malviño, Afonso Martíns e as súas mulleres, veciños todos de Camiña, no reino de Portugal, dun foro dun pardiñeiro, sito na rúa da Cuncheyra de Baiona, e fai un novo aforamento do mesmo a Afonso Martíz de Salamanca e á súa muller, veciños de Baiona. Actúa como notario Antonio Martíns.*

Dentro del coro de la yglesia de Santa María de la villa de Bayona, a tres días del mes de janero del año del nascimiento de nuestro Señor Jesucristo de mil et quinientos et veynte et dos años [2] estando presentes el rreverendo señor do Juan Vidal, arçediano de Mõtes en la yglesia cathedral de Tuy et abad de la dicha yglesia de Bayona et *Afonso Calado et Gonçaluo Domýnguez*, [3] *Francisco Domýnguez, Francisco de Curro, Gonçaluo de Barrantes, Andrés García, Fernã de Mesego*, rraçoneros et beneficiados de la dicha yglesia de Santa María de Bayona, en presençia de myn [4] *Antonio Martíns*, otrosí rraçonero et beneficiado de la dicha yglesia, paresçierõ ay de presentes *Fernán* [5] *Gonçales Malviño et Afonso Martíns*, vezinos et moradores en la villa de Camiña, que es en el rreyno<sup>1</sup> de Portugal, et dixeron que ellos por si et en nõbre de sus mujeres, [6] por virtud de çierto poder que ellas tenyã, rrenũçiaban et rrenũçiarõ, dimitiã et dimitieron todo el derecho, açión et voces que tenyan a vn pardiñeyro, formal [7] de casa que está sito en la rrúa de Cuncheyra de la dicha vylla de Bayona cõ su eyxido que sale detrás del dicho pardiñeyro, el qual parte de vna parte cõ casa de [8] *Pero de Coya* et de la otra con casa de *Áluaro Afonso*, et sale cõ su eyxido por el otón<sup>9</sup> del dicho perdiñeyro et con las puertas a la rrúa pública de Cuncheyra, en manos [9] et poder de los dichos señores abad et rraçoneros de la dicha yglesia. Et que de oy en día adelante todas voces, derecho et açión que ellos et

las dichas sus mujeres tenyã et aviã en la [10] dicha casa et pertenẽcias et eyxido lo demetiã, daban et traspasaban en el su nõbre et de las dichas sus mujeres por *vertud* del dicho poder, en manos et poder de los sobredichos [11] abad et rraçoneros, para que ellos feziesen de la dicha casa et de *qualquera parte* della todo lo que ellos quisiesen et por bien tuviesen. Et luego los dichos señores abad et rraçoneros [12] dixierõ que por sí et en nõbre de los otros beneficiados de la dicha yglesia, para la dicha yglesia así rreçebían a dita casa, foro, *derecho*, açión et voces següd dicho es, et que de oy en (a) [13] adelante daban por libres et *quítes* a los dichos Fernã *Gonçales* Malvino et *Afonso* *Martíns* et a sus mugeres para todo senpre et así mismo a todos sus herederos. Et, vista la dicha rrenũciaciõ, [14] luego en continente los dichos señores abad et rraçoneros dixierõ que aforaban et daban en aforamiento a Afonso Martiz de Salamanca, vezino de la villa de Bayona que pre- [15] sente estava et a *María* *Martiz*, su mujer, absente como<sup>1</sup> si fuese presente, ambos en vna voz e a dos voces depués dellos, conviene a saber, fijo et nieto, et nõ aviendo fijo ni nieto que [16] aquellas que de *derecho* heredarẽ sus bienes, et que la primera voz nõbre de la següda et la següda, la terçera voz, o las personas que así heredarẽ de *derecho* sus bienes; conviene a [17] saber: el dicho pardiñeyro con todas sus entradas et salidas, *pertensçias* et *derechuras* et cõ el dicho eyxido así como<sup>1</sup> arriba está demarcado et següd et de la manera que los [18] dichos Fernã *Gonçales* Malvino et *Afonso* *Martíns* et sus mugeres lo tenyã aforado. Con tal condiçión que el dicho Afonso *Martiz* de Salamanca et la dicha *María* *Martiz*, su muger, lo ayã de levantar de [19] casa sobradada et covierta de madera et teja et de todo lo *que* le fiziere menester, de manera *que* se no pierda por mēgua de buẽ labor et buẽ *rreparamiento*, mas<sup>1</sup> mejore que no [20] ãpeore. Et paguẽ en cada vn año al mayordomo que fuere por el *tiempo* de la dicha yglesia por día de San Juan Baptista del mes de junio treynta et çinco *maravedís* viejos de buena [21] moneda, que fazen tres cornados vna blanca, que son tres blancas et vn cornado vn maravedí, o de la moneda que se pagarẽ los otros fueros en la dicha villa et vna buena [22] pescada. Et avendo de vender o apeñar la dicha casa que lo fagã a los dichos abadas et rraçoneros de la dicha yglesia si la quierẽ para la dicha yglesia tanto por tanto. Et [23] no la querendo ellos que entõçes<sup>10</sup> lo puedan fazer a tal persona que seya su ygual et tal que dé et pague al dicho fuero en cada vn año et cüpla et guarde las [24] condiçiones sobredichas et que a fin deste dicho foro et de las dichas voces que la dicha casa fique libre et desenbargada a la dicha yglesia, abades e rraçoneros della con toda la ben- [25] feytoría et buen *rreparamiento* que ã la dicha casa fuere fecho. Para lo qual tener así conprir et guardar, los sobredichos abad et rraçoneros de la dicha yglesia obligarõ a todos [26] bienes de la dicha yglesia de lo fazer sano et de paz a qualquera persona que lo demãdare. Et el dicho *Afonso* *Martiz* de Salamanca dixo que por si et en nõbre de las dichas sus voces [27] así rreçebía

el dicho aforamiento del dicho pardineyro cō su eyxido por las mismas maneras et condiçiones sobredichas para lo qual así tener, cōplir et guardar et<sup>11</sup> [28] obligó a todos sus bienes<sup>1</sup> mobles et rraíces, avidos et por aver. Cerca de lo que dicho es et se en esta carta cōtiene, las dichas partes pusieron entre sí pena de dos mil maravedís [29] que los diese et paguase la parte que nõ lo cōpliese et guardase a la parte aguardante; et a pena pagada o nõ pagada, que todavía esta dicha carta et todo ho ã ellã cōtenido [30] fique firme et valla en su fuerça et rrobor. Fecha et otorgada en la dicha yglesia, dentro de dicho coro, día, mes et año sobreditos, estando presentes por testigos [31] Afonso Rodrigues, doblero et Afonso Rodrigues de Camos<sup>1</sup> et Gregorio Miguez, clérigos vezinos de la dicha villa.

[32] Et yo, Antonio Martíns, rraçionero en la yglesia de Bayona et notario por quien pasan los actos capitulares [33] de la dicha yglesia, a todo esto que sobredicho es, juntamēte cō los dichos testigos, presente fuy et por rruego de las dichas [34] partes, por mi mano propia lo screví et subscreví et aquí este mi signo et sinal acustunbrados<sup>12</sup> [35] en testimonio de verdad que tal es, rrogado et rrequerido. (Rúbrica) Antonio Martíns, notario público apostólico.

## Comentario

Como se pode constatar cunha simple lectura, o documento escrito en 1518 polo notario Afonso Gonçalves de Mourente está redactado en lingua galega e ten numerosas interferencias da lingua castelá. Polo contrario, o documento escrito tres anos máis tarde polo notario Antonyo Martíns está en lingua castelá e ten interferencias da lingua galega. O cambio de lingua escrita era doado a causa da pequena distancia interligüística e por te-las dúas linguas romances unha mesma referencia gráfica que era o latín escrito. O cambio tamén debeu de ser pacífico pois polo de agora non se atoparon evidencias de conflito entre escribáns ou na mesma sociedade debido a este cambio. Nos tres apartados seguintes indicámo-los elementos máis singulares deste proceso.

### 1. Hábitos escriptolóxicos comúns

Por tratarse de textos notariais, sempre amparados en grande parte por un formulario escrito ou memorizado, hai unha serie de elementos comúns ás dúas linguas, propios deste rexistro instrumental. Así nos dous documentos podemos atopar palabras como: *presentes* (I, 16; II, 2), *beneficiados* (I, 11; II, 4), e expresións como *fique libre et desenbargado* (I, 15; II, 24), *tanto por tanto* (I, 13; II, 22).

Hai ademais un importante número de homografías nas abreviaturas e no chamado signo tironiano que se resolven de acordo coa lingua do texto. A conxunción copulativa, por tradición neste tipo de edicións,

conserva a forma latina *et* tanto no documento galego coma no castelán, aínda que no século XVI xa había tempo que estaba resolta en *e* para o galego e en *y* para o castelán. Ademais do signo tironiano encontrámonas seguintes abreviaturas comúns:

ABREVIATURA COMÚN	FORMA GALEGA (DTO. 1518)	FORMA CASTELÁ (DTO. 1522)
1.- tpo.	tempo	tiempo
2.- dr°	direito	derecho
3.- iglia	igreja / iglesia	iglesia
4.- ar°	arçediago	arcediano
5.- cligo	crego / clérigo	clérigo
6.- -m <sup>o</sup>	nacemento	nacimiento
7.- -er/-eir- (superposta)	rraçeiros	rraçioneros

Nestes documentos galegos existe outro tipo de ambigüidade escriptolóxica. En moitos deles conservouse unha escrita tradicional latina de maneira que se mantivo sobre algunhas palabras un risco como de abreviatura xeral cubrindo toda a palabra. Aquí témo-lo exemplo de *ano* co til superposto, que transcribimos en galego como *ano*<sup>1</sup> e en castelán como *año*, a pesar de ter nos dous documentos a mesma substancia gráfica. Algo semellante acontece coas palabras *ello* ou *villa*, que soamente en castelán teñen un fonema palatal e en galego son variantes alográficas das formas *elo* ou *vila*.

## 2. Castelanismos do documento galego

As interferencias castelás presentes neste documento son de natureza fonética e morfolóxica máis ca de natureza léxica.

- Artigos casteláns: *el*: liñas 11, 12; *del*: 1, 5, 6; *la*: 5, 6, 12, 13; *los*: 6, 14, 14; *las*: 13; *lo*: 13.
- Outros determinantes ou pronomes: *lo*: 12, 12, 13, 13, 13, 21; *otro/a*: 4, 19 (vs. *outra*: 7 e *outros*: 10, 18); *mi propia mano*: 22 (vs. *miña moller*: 16, 16); e *primero*: 13.
- Formas verbais: *perdays*: 11; *podays*: 12 (vs. nove ocorrencias da segunda persoa de plural na forma galega rematada en *-des*: 8, 8, 9, 9, 10, 11, 11, 13 e 14).
- Terminación latina en *-ATEM*: *abbad*: 2; *actoridad*: 20; *verdad*: 22
- Finalmente hai varios casos de vacilación léxica: *cōtenidas*: 13, vs.

*cōtiudo*: 17; *nōbrar*: 6, vs. *nomeadas*: 4 e *nome*: 23; *dicho/s*: 14, 14, vs. 31 ocorrencias da forma galega *dito* e variantes.

### 3. Galeguismos e arcaísmos do texto castelán

As interferencias galegas deste segundo documento son máis ben de carácter léxico. Hai unhas formas verbais que vacilan na ditongación castelá e varios casos de vacilación ortográfica. Morfoloxicamente a interferencia limitase á forma pronominal *myu*: 4.

- Interferencias léxicas: *pardiñeyro*: 7, 8, 17; *eyxido*: 7, 8, 10, 17, 27; *senpre*: 13; *feytoria*: 25; *foro*: 12, 24 (vs. *fueros*: 21, 23); *mobles*: 28; *dita*: 12 e *sobreditos*: 30 (vs. 51 ocorrencias da forma *dito* e variantes).
- Uso arcaico, e mesmo non etimolóxico no último exemplo, do dígrafo <sc>: *nasçimiento*: 1; *paresçierō*: 4, e *pertensçins*: 17 (vs. *pertencençias*: 10).
- Vacilación na ditongación das formas verbais: *avendo*: 22 (vs. *aviendo*: 15); *querendo*: 23; *dixeron*: 5 (vs. *dixierō*: 12, 14).
- Vacilación entre os grafemas <j> e <g>: *mujeres*: 5, 9, 10, 15 (vs. *mugeres*: 13, 18, 18).
- Alternancia da negación castelá e da súa forma arcaica, coincidente coa galega: *no*: 19, 19, 23 (vs. *nō*: 15, 29, 29).
- Galeguismos con fonética castelá: da palabra galega “janeiro” créase a forma *janero*: 1, e da palabra “outón”, créase *oton*: 8. Estas dúas creacións do notario galego Antonyo Martíns non están documentadas no castelán da época.

Sen pretender dar unha visión cumprida das causas ou circunstancias que motivaron o cambio de lingua nos instrumentos notariais galegos entre os séculos XV e XVI, presentámo-las seguintes notas coa esperanza de que sirvan, aínda que sexa como criterio negativo, a futuros historia-dores e teóricos sociolingüistas da nosa lingua.

Nos dous documentos están presentes tres tipos de axentes: os outorgantes do foro, os receptores do mesmo e os notarios ou escribáns. O cambio no uso lingüístico ten que estar relacionado con algún dos tres actores, aínda que necesitasen elementos estraños a eles que forzasen o cambio, como pode se-la lei de 1480 pola que xa non será posible te-lo título de escribán “sin ensame e sin licencia do Real Consello”<sup>13</sup>.

Nestes documentos de Baiona hai un mesmo outorgante, o colectivo de clérigos *rraçoeiros* presididos polo abade da igrexa colexial de Santa

María, Johán Vidal, arcediago de Montes. Entre os sete *rraçioneros* presentes no documento de 1522, seis xa estaban no documento anterior de 1518. Mais, en principio, parece que este non sería o axente inductor do cambio de lingua na redacción dos documentos.

Habería unha remota posibilidade de que o abade Johán Vidal fose o axente de cambio que buscamos. A súa peripecia persoal podería ter influído no proceso de introducción do castelán nos documentos galegos. A abadía de Baiona foille disputada en 1511 polo clérigo da diócese de León, o beneficiado Diego Cacho, alegando este que a dita abadía era de padroado real e que el conseguira a presentación real e a provisión polo nuncio pontificio (García Oro 1993: 162). Aínda que Johán Vidal se documenta como abade de Baiona en 1518 e en 1522, o seu poder abacial parece que estivo en litixio e sempre baixo a tutela do poder real<sup>14</sup>. O bispo de Tui Diego de Avellaneda, natural de Aranda del Duero, convocou cinco sínodos diocesanos de 1526 a 1530. Johán Vidal estivo presente nos dous primeiros como abade de Baiona e arcediago de Montes. Nos dous seguintes non se cita ningún abade de Baiona e no último de 1530 aparece con ese título Sebastián Varela. A importancia castelanizante deste bispo queda patente nos textos destes cinco sínodos e no intento de creación da primeira cátedra de gramática en Tui<sup>15</sup>. É posible que a dependencia do poder real e do poder eclesiástico tan alleos á lingua galega motivasen ó abade de Baiona a pedirlle ó notario Antonyo Martíns que redactase en castelán o documento de foro de 1522, pero non parece probable.

Os receptores deste último documento son os veciños e moradores da vila de Camiña no reino de Portugal Fernán Gonçales Malviño, Afonso Martíns e as súas mulleres e os veciños de Baiona Afonso Martiz de Salamanca e a súa muller María Martiz. Tamén veciños de Baiona eran Steuo Yanes e a súa muller que aparecen como os receptores do foro de 1518. Nada xustifica un cambio de lingua por razón dos receptores, mesmo resulta estraño que o último documento se fixese en castelán cando o galego resultaba moito máis próximo ós portugueses veciños de Camiña.

Por último quedannos os escribáns como axentes do cambio lingüístico. Eles foron os que escribiron os documentos e as súas razóns ou presións terían. Nesta época había en Baiona seis escribáns de número<sup>16</sup> e algúns podían te-la dobre condición de notario público xurado, dependente do concello, e de notario apostólico, con xurisdicción eclesiástica.

Como indica Ramón Mariño Paz referíndose a esta época «a miúdo o emprego dun idioma ou outro dependería de simples circunstancias biográficas que non sempre nos será dado descubrir na actualidade»<sup>17</sup>. Entre as circunstancias biográficas dos escribáns de Baiona no século XVI estaba a do seu nomeamento. As seis escribanías de número que lle corres-



pondían a Baiona tiñan que ser de designación real, aínda que «la elección de las dichas escritvanias pertenesçia a la dicha villa por previllejo e costunbre ynmemorial»<sup>18</sup>. Parece que, polo menos no primeiro cuarto do século XVI, o concello de Baiona ten dificultades para seguir nomeando os seus escribáns, competencia que era reclamada polo Consello Real e apeteçida pola Audiencia de Galicia. Na provisión do Consello Real citada na nota anterior dirixida ó «Governador e Allcaldes Mayores de nuestro Reyno de Galizia» pídeselles que

“ayays ynformacion e sepays sy la dicha villa tiene previllejo alguno de nos o de los Reys onde nos venimos en que se les de facultad de elegir los dichos escrivanos del numero de la dicha villa...” (García Oro 1995: 252).

Había ademais os escribáns ou notarios apostólicos, constituídos como tales por algunha autoridade eclesiástica, e a súa competencia estaba limitada a asuntos internos da Igrexa. Nestes anos, como indica García Oro (1993: 145), dentro da estrutura xurisdiccional da vila os escribáns eclesiásticos aproveitábanse da súa condición clerical para prevalecer no oficio notarial. Demandados en 1522, o Consello Real ordenou unha pescuda esixíndolle-la presentación dos seus títulos de escribáns perante o correxidor. Das irregularidades que había no mundo notarial hai suficiente información nos sínodos do bispo ourensán Francisco Manrique de Lara celebrados nos anos 1543-44:

Porque en este obispado por experiencia havemos hallado muchos ynconvenientes e visto muchos escandalos a causa de los escrivanos y notarios no hazer sus actos de notificacion devidamente, unos diziendo que son notarios apostolicos y de su magestad, no lo siendo...<sup>19</sup>

Ademais da tensión entre os notarios apostólicos e os escribáns de número, houbo en Baiona no século XVI un conflito entre estes últimos e os escribáns do concello, dado que os primeiros reclamaron e conseguiron a competencia exclusiva nas escrituras públicas propiamente ditas (García Oro 1993: 145).

Parece que os dous notarios que asinan cadanseu documento, Afonso Gonçalves de Mourente (1518) e Antonio Martins (1522) non teñen a mesma categoría ou condición notarial se atendemos ó texto dos propios documentos. Así, o primeiro aparece como «Afonso Gonçalves de Mourente clérigo da diocese de Tui porla actoridad apostolica notario publico jurado» e o segundo non ten a categoría de xurado, polo que parece que a súa competencia estaba limitada ós documentos eclesiásticos: «notario publico por quyen pasan los actos capitulares de la dicha yglesia».

Os dous son notarios apostólicos e polo tanto dependentes da autoridade eclesiástica, que impuxo nos distintos sínodos todo o rigor



lingüístico necesario para que a lingua galega quedase relegada ó uso oral. O citado sínodo ourensán de 1543-44 ordenaba:

Mandamos que todas e qualesquiera notificaciones, requerimientos, e apelaciones e testimonios, assi en latín como en romance, se hagan y pasen por los escrivanos de cámara, o del numero, pues son nueve, -para a cidade de Ourense-, personas legales... (Ibidem).

Pero entre os dous notarios hai unha pequena diferenza. Afonso Gonçalves de Mourente é notario xurado. Esta denominación, segundo Carme Barreiro (1998: 103), fai referencia ós «notarios xerais ou ordinarios elixidos por designación das vilas, cidades, etc». Para María José Justo Martín (1993: 19) «el término «iuratus» suele acompañar...quizás para afirmar la condición de los nuevos 'notarios' frente a los 'scriptores' que todavía existían». Signifique o que signifique o certo é que este notario *xurado* seguía escribindo en galego en 1518, cando outros moitos xa levaban tempo escribindo en castelán. O seu galego estaba contaminado por elementos gramaticais do castelán e o maior número de interferencias están localizadas nas liñas 12-14 que concentran tamén o maior número de frases formularias.

Sería interesante poder estudar a historia da institución notarial galega para descubrir canto lles debemos á nobreza civil e á xerarquía eclesiástica e canto ás institucións intermedias na perda da nosa lingua escrita a finais da Idade Media. Descubertos os mecanismos que analfabetizaron a poboación galega, precisamente cando se descobre o mellor instrumento alfabetizador, a imprenta, poderíamos hoxe ser máis eficaces aproveitando as posibilidades da nova organización política e económica da nosa sociedade que, incomprendiblemente, non le con maior facilidade o documento castelán do notario apostólico Antonio Martins có escrito en galego polo notario público xurado Afonso Gonçalves de Mourente.

## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Arribas Arranz, Filemón: 1964, "Los escribanos públicos en Castilla durante el siglo XV" en *Centenario de la Ley del Notariado*. Madrid: Junta de Decanos de los Colegios Notariales de España / Instituto Editorial Reus, pp. 167-268.
- Barreiro, Carme: 1998, "A figura do notario nuns documentos de Noia (1332-1503)" en *Homenaxe a Ramón Lorenzo* edt. Dieter Kremer. Vigo: Galaxia, tomo I, pp.101-104.
- Ferro Couselo, Xesús: 1958, "Cómo e por qué os escribanos deixaron de empregar o galego" en *Homaxe a Ramón Otero Pedrayo*. Vigo: Galaxia, pp. 251-253.
- García Oro, José /María José Portela Silva: 1995. *Bayona y el espacio urbano tudense en el siglo XVI. Estudio histórico y colección diplomática*. Santiago de Compostela.
- García y García, Antonio (dir.): 1981, *Synodicon hispanum. I Galicia*. Madrid: Biblioteca de Autores Cristianos.
- Justo Martín, M<sup>a</sup>. José: 1993, "Del scriptor medieval al notario moderno" en *El notariado. Una necesidad de ayer y de hoy*. Ilustre Colegio Notarial de la Coruña, pp. 17-22
- Lorenzo, Ramón: 1988. "Normas para a edición de textos medievais galegos" en *Actes du XVIII CILPhR* publicadas por Dieter Kremer. Tübingen: Max Niemeyer Verlag, T.VI. pp 76-85.
- Mariño Paz, Ramón: 1998. *Historia da lingua galega*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.
- Maure Rivas, Xulián: 1996, "Estudio de Gramática en Tui (Testemuño dunha represión lingüística)" en *A trabe de ouro* Tomo III, ano VII pp. 413-423.
- Pensado, José. Luis: 1976. *Contribución a la crítica de la lexicografía gallega I*. Salamanca: Universidade de Salamanca,
- Pino Rebollo, Fernando: 1991. *Tipología de los documentos municipales (siglos XII-XVII)*. Valladolid: Secretariado de Publicaciones, Universidad: Asociación para la Defensa y Conservación de los Archivos,
- Vázquez Bertoumeu, Mercedes: 1998, "La Audiencia arzobispal compostelana en el siglo XV: introducción a su estudio diplomático" en *Cuadernos de Estudios Gallegos*. Tomo XLV, fasc. 110 Santiago de Compostela, pp. 9-29.

## NOTAS

- 1 O número 1 supraescrito, que aparecerá repetidamente na transcripción dos dous documentos, indica a presenza no orixinal dunha raia sobre a palabra.
- 2 Estes documentos forman parte da colección da igrexa de Sta. María de Baiona. Hai quince anos estaban recollidos nunha carpeta no Museo Diocesano de Tui, todos sen numeración nin referencia.
- 3 Os termos *escribán* e *notario* tiñan con frecuencia o mesmo referente: un responsable, eclesiástico ou civil, da redacción e garda das notas ou escritos que amparaban un contrato, sentenza, testamento, etc. e que servían para facer as copias, instrumentos ou cartas para as partes contratantes. (Cfr. Barreiro, C.:1998. 101-104).
- 4 Cfr. Ferro Couselo (1958)
- 5 Cfr. Mariño 1998 no apartado 10.3. páxinas 188-193.
- 6 Lorenzo, Ramón (1988)
- 7 No manuscrito están as dúas palabras sen separación: *abbadena*. Podería transcribirse *abbade na*, pero na escrita destes documentos a contracción da preposición e o artigo seguíanse escribindo *eno, ena*
- 8 É frecuente entre os editores de textos medievais galegos transcribir nunha mesma palabra a secuencia *por + artigo: porla, porlla, pola* e as súas variantes morfolóxicas, por estar máis cerca da forma actual *polo*. No texto castelán haberá que transcribilo sempre como *por la*
- 9 Castellanización da palabra *outón*. Pensado (1976, 291) recolle a información que da Sarmiento sobre esta palabra.
- 10 No orixinal repítese *que entonçes*.
- 11 A final de liña hai unha palabra partida, totalmente ilexible, que podería corresponder a outro verbo, aínda que a fórmula máis frecuente usa só os tres verbos que aparecen no texto.

- 12 Segue unha palabra ilexible; posiblemente sexa *puge*.
- 13 Ferro Couselo, X. (1958. 253).
- 14 Na colección documental publicada por García Oro e Portela Silva (1995. docs. 29. 40 e 55) recóllese a recompensa que o Rei ofrece a Diego Cacho en 1521 por deixa-la abadía de Baiona ó bispo de Tui e como o clérigo leonés reclama do Rei en 1523 os 300 ducados da dita recompensa que aínda non recibira.
- 15 Cfr. Maure 1996, pp. 415-416
- 16 Cfr. García Oro e Portela Silva (1995: 144-146).
- 17 Mariño 1998, 192.
- 18 Provisión do Consello Real ó Gobernador e Alcaldes Madores de Galicia para que se informen sobre a facultade da vila de Baiona para eleixir escribáns. Documento nº 36, referido por García Oro 1995, páx.251.
- 19 Recollido en *García y García* (1981: 248).